

**NOTA DE PRENSA 070/23
1 DE SETEMBRO DE 2023**

**MÁIS DE 40 INSCRITOS NO SLALOM DE RIANXO, SEXTA PROBA
PUNTUABLE PARA O CAMPIONATO GALEGO DA ESPECIALIDADE**

O Campionato Galego de Slalom continúa esta fin de semana coa celebración da sexta proba puntuable, que se disputa este 2 de setembro en Rianxo.

Un certame autonómico que avanza imparabile e que nesta ocasión contará con 41 equipos e unha ausencia destacada, a de Manuel Trevín, recente vencedor do Duelo de Traseras de Navia en Asturias.

Desta forma, o favoritismo céntrase en Iván Picallo, que xa suma tres triunfos esta tempada, e en pilotos como Aitor Fornos, Pablo Castro ou Sergio Fernández, entre outros.

A xornada comezará xusto a continuación da publicación da lista de autorizados, ás 10:45 horas. Despois do tradicional parón para o xantar, os participantes percorreren o trazado marcado pola organización na segunda manga de adestramentos e despois as dúas mangas oficiais, da que sairá o vencedor desta oitava edición da cita, que tamén será puntuable para os trofeos de debutantes e iniciación.